

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE OUTUBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 27 de outubro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 25 de outubro (orde do día ampliada o 27), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez (asiste aos puntos 1, 7, 8, 9, 10 e 11)
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 2a e 3a)
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D^a. María Dapena Gómez (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 7a, 8b, 9b e 10a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 8a e 9a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 8c, 9c e 10b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 24 de outubro de 2017

Apróbase a acta da sesión do 24 de outubro de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir a FREMAP neste procedemento por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.
- b) Non admitir a MUTUA UNIVERSAL neste procedemento por ter incorporado a documentación correspondente á proposición avaliable mediante fórmula, segundo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

o modelo do Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- no sobre A “Documentación persoal”, incumprindo así os requisitos de presentación da documentación previstos nas cláusulas 12.3 do referido prego e no artigo 80.1 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (“cando se faga uso do disposto no artigo 86.2 da Lei, no senso de concretar a fase de valoración na que operarán os criterios de adxudicación, o sobre da proposición económica conterá exclusivamente esta, e presentaranse, ademais, tantos sobres como fases de valoración se teñan establecido”) e, en consecuencia, vulnerando a garantía do segredo das proposicións ata o momento no que deba procederse á súa apertura pública (artigo 145 do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a cláusula 13 do PCAP).

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a selección dunha mutua colaboradora da Seguridade Social (29.766-220)

En acto público ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” do único licitador admitido. A mutua FREMAP presenta dous exemplares en papel polo que se fará unha copia dixital pola Secretaría da Mesa. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor.

Asiste á apertura D. Fernando Rodríguez Correa, con DNI 36.122.215-W, en representación de FREMAP MUTUA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 13 de outubro, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. JARDINCELAS, S.L.
2. PROYECON GALICIA, S.A.
3. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
4. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Durante o prazo concedido, presentaron documentación todos os anteriores licitadores, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 25 de outubro de 2017 o enxeñeiro industrial municipal e o xefe da Área de Servizos Xerais emitiron informes sobre as xustificacións presentadas.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. JARDINCELAS, S.L.
2. PROYECON GALICIA, S.A.
3. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
4. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, a enxeñeira industrial da Área de Fomento e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 25 de outubro de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial municipal e o xefe da Área de Servizos Xerais o 25 de outubro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación, así como o informe que substitúe ao anterior de data 27 de outubro de 2017.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) (informe sobre C e proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 25 de outubro de 2017 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, a enxeñeira industrial da Área de Fomento e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 25 de outubro de 2017 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro industrial municipal e o xefe da Área de Servizos Xerais o 27 de outubro de 2017 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 25 de outubro de 2017 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados polo enxeñeiro industrial municipal e o xefe da Área de Servizos Xerais o 25 de outubro de 2017:

1. JARDINCELAS, S.L.
2. PROYECON GALICIA, S.A.
3. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
4. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	98,95
ELSAMEX, S.A.U.	97,19
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	91,75
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,29



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
ORESA, S.L.	90,87
ACTIVIDADES DE INFRAESTRUCTURAS PÚBLICAS Y CONSERVACIÓN, S.L.	90,25
EULEN, S.A.	89,82
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	87,21
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	84,14
UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	82,31
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	80,63
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	77,66
UTE ENSAYOS, LABORATORIOS Y CONSTRUCCIÓN, S.L.	
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	73,74
UTE ACEVI - ALVAC, S.A.	73,41
CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	72,02
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	68,33
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	64,03
ORECO, S.A.	57,86
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	57,16
CIVIS GLOBAL, S.L.	26,46

Terceiro.- Requiritur ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requiritur ao citado licitador o aboamento de 968,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a actualización dos aplicativos de xestión xeral de liquidacións e xestión de IBI urbana cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) (8.260-113) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.164,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	98,10
2	NAROM, S.L.	90,83
3	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	90,19
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	81,79
5	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS S.L.	13,63

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.795,17 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., o día 16 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 29 de setembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o taller de vías e obras (79.713-250) por un prezo total de 600.000,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 104.132,23 euros e coas seguintes baixas:

- a) *Unha baixa porcentual única do 18,93% de aplicación aos prezos unitarios relacionados no anexo do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).*
- b) *Unha baixa proporcional única do 80,11% de aplicación aos produtos e materiais non previstos no cadro de prezos do Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	DESCONTO DE REFERENCIA PARA O GASÓLEO “C”.	TOTAL
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	30%	100
2	COMPañÍA ESPAÑOLA DE PETRÓLEOS, S.A.U. (CEPSA)	1,2%	4

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.836,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 16 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 2 de outubro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) de diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (1.145-611) por un prezo total de 214.229,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 37.180,39 euros, e cun desconto por litro de gasóleo C do 30%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 07:49	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A24E-8856EE-C6DFBA-AUGAQR-3YMVAX-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		